*Cuarto. Solicitudes*

*El plazo de presentación será de 15 días naturales, contados a partir del día siguiente al de la publicación del extracto de estas bases en el Boletín Oficial de la Provincia.*

*Barbadás, 11 de octubre de 2023. El alcalde.*

*Fdo.: Xosé Carlos Valcárcel Doval.*

***R. 3.160***

## Carballeda de Valdeorras

Substitución da Alcaldía por causa de enfermidade

Resultando que a partir do 6 de novembro de 2023, por causa de enfermidade e mentres dure a dita situación, faise necesario delegar as funcións da Alcaldía.

De conformidade co que establece o art. 23.3 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e co art. 47 do Real decreto 2568/1986, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; en uso das atribucións propias da Alcaldía, resolvín:

1.º Delegar, por razón de enfermidade as funcións propias da Alcaldía no 1.º tenente de alcaldesa, José Antonio Vidal Anta, desde o 6 de novembro de 2023 e ata que a Alcaldía se poida reintegrar ao cumprimento das súas funcións.

2.º Notificar a presente resolución o interesado; publicala no BOP, no taboleiro de anuncio do Concello e no taboleiro de anuncio da páxina web do Concello:

"concellocarballedavaldeorras.com".

Mándao e asinao a alcaldesa, M.ª Carmen González Quintela, en Carballeda de Valdeorras, o 3 de novembro de 2023.

A alcaldesa. Asdo.: M.ª Carmen González Quintela.

---

*Sustitución de la Alcaldía por causa de enfermedad*

*Resultando que a partir del 6 de noviembre de 2023, por causa de enfermedad y mientras dure dicha situación, se hace necesario delegar las funciones de la Alcaldía.*

*De conformidad con lo que establece el art. 23.3 de la Ley 7/1985, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y con el art. 47 del Real Decreto 2568/1986, de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales; en uso de las atribuciones propias de la Alcaldía, he resuelto:*

*1.º Delegar, por razón de enfermedad las funciones propias de la Alcaldía en el 1.º teniente de alcaldesa José Antonio Vidal Anta, desde el 6 de noviembre de 2023 y hasta que la Alcaldía se pueda reintegrar al cumplimiento de sus funciones.*

*2.º Notificar la presente resolución al interesado; publicarlo en el BOP, en el tablón de anuncio del Ayuntamiento y en el tablón de anuncio de la página web del Ayuntamiento:*

*"concellocarballedavaldeorras.com".*

*Lo manda y firma la alcaldesa, M.ª Carmen González Quintela, en Carballeda de Valdeorras, el día 3 de noviembre de 2023.*

*La alcaldesa. Fdo.: M.ª Carmen González Quintela.*

***R. 3.171***

## Celanova

Expediente de modificación de crédito, modalidade de crédito extraordinario

MC CE 28/2023

O Pleno do Concello de Celanova, na sesión extraordinaria do día 30 de outubro de 2023, aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con remanente de Tesourería para gastos xerais núm. 28/2023, por un importe total de 449.748,51 €.

O antedito expediente permanecerá exposto ao público na Secretaría Xeral do Concello, tras o anuncio previo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos municipal, durante o prazo de quince días hábiles, que contarán a partir do día seguinte ao da publicación no citado diario oficial, para que as persoas interesadas poidan examinalo e presentar, no seu caso, as reclamacións que consideren oportunas, consonte o artigo 177, en relación co artigo 169, do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLFL).

Se ao remate do período de exposición pública non se presentaren reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado.

Celanova, na data da sinatura electrónica. A alcaldesa accidental. (P.D. Decreto 2023-1116, do 31/10/2023).

Asdo.: Sandra Feijóo Crespo.

---

*Expediente de modificación de crédito, modalidad de crédito extraordinario*

*MC CE 28/2023*

*El Pleno del Ayuntamiento de Celanova, en la sesión extraordinaria del día 30 de octubre de 2023, aprobó inicialmente el expediente de modificación de crédito, modalidad de crédito extraordinario, financiado con remanente de Tesorería para gastos generales n.º 28/2023, por un importe total de 449.748,51 €.*

*Dicho expediente permanecerá expuesto al público en la Secretaría General del Ayuntamiento, previo anuncio en el BOP y en el tablón de edictos municipal, durante el plazo de quince días hábiles, que contarán a partir del día siguiente al de la publicación en el citado diario oficial, para que las personas interesadas puedan examinarlo y presentar, en su caso, las reclamaciones que consideren oportunas, conforme al artículo 177, en relación con el artículo 169, del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLHL).*

*Si al finalizar el período de exposición pública no se hubiesen presentado reclamaciones, el expediente se considerará definitivamente aprobado.*

*Celanova, en la fecha de la firma electrónica. La alcaldesa accidental. (P.D. Decreto 2023-1116, de 31/10/2023).*

*Fdo.: Sandra Feijóo Crespo.*

***R. 3.147***

## A Merca

Unha vez aprobado inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 5/2023, na modalidade de suplemento de crédito con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, por Acordo do Pleno, na sesión extraordinaria do 25/10/2023, en cumprimento do que dispón o artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, que contarán desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado/a nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos/as interesados/as na sede electrónica deste concello: http://amerca.sedelectronica.gal, na sección do portal de transparencia.